

BASES DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN: CONCILIA 2025

O “Concilia Coirós” é unha alternativa de lecer para as crianzas de 3 anos (cursando 4ª etapa de educación infantil) e ata os 16 anos. cunha dobre finalidade: permitir a conciliación familiar, laboral e persoal das familias e ofertar un espazo lúdico e de aprendizaxe para as crianzas.

Os obxectivos do programa son:

- Favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias.
- Fomentar valores positivos e educativos para un desenvolvemento adecuado socialmente
- Ampliar o círculo social das crianzas descubrindo novas actividades
- Reflexionar sobre as desigualdades de xénero dunha forma lúdica
- Aprender de maneira lúdica e participativa sobre as cuestións sociais e as principais problemáticas actuais
- Fomentar un pensamento crítico e resolutivo fronte a conflitos e problemáticas
- Promover un correcto desenvolvemento motriz, creativo, participativo, emocional e persoal

A realización do CONCILIA COIRÓS 2025 queda condicionada á formalización do contrato de prestación de servizos de conciliación do Concello de Coirós. O Concello de Coirós establece a posibilidade de suspensión temporal ou definitiva do programa ou modificación substancial, no caso de ser necesario, ben por cuestións xurídicas ou de feito.

1. OBXECTO:

O obxecto das presentes bases consistirá en establecer as pautas para a selección das persoas participantes no programa, así como as normas que o rexerán.

2. PERSOAS USUARIAS

Terán acceso ao programa Concilia Coirós 25 a cativada de 3 anos (cursando 4ª etapa de educación infantil) e ata os 16 anos na data da solicitude.

3. HORARIO

- a) Xornada ordinaria: De luns a venres, agás festivos, de 09:00 a 14:00 horas.
- b) Xornada extra conciliación: Poderase establecer o seguinte horario para aquelas familias que o necesiten, e o soliciten:
 - Hora de entrada: 8:00, 08:30 ou 08:45
 - Hora de saída: Ata as 14:30

4. QUENDAS E NÚMERO DE PRAZAS

O “CONCILIA COIRÓS 2025” desenvolverase en tres instalacións en Coirós desde o 1 de xullo ao 5 de setembro (11 semanas), e distribuírse en once quendas.

- A. Primeira quenda: de 1 de xullo ao 31 xullo | 110 prazas.
- B. Segunda quenda: do 1 de agosto ao 29 de agosto | 80 prazas.
- C. Terceira quenda: do 1 ao 5 de setembro | 24 prazas.

5. CRITERIOS PARA A ADSCRICIÓN DE PRAZA

No caso de que haxa máis solicitudes que prazas nos grupos estes serán os criterios de adscripción de praza:

- 5.1.- Criterio técnico para casos con especial dificultade (integración menores, exclusión social, varias cargas familiares,...)
- 5.2.- Familias numerosas con título acreditativo, familias monomarentais ou monoparentais con certificado ou situacións de violencia de xénero ou contra as mulleres acreditada.
- 5.3.- Familias que traballen ambos proxenitores, ou traballe un e o outro teña persoas dependentes ou con discapacidade sen autonomía ao seu cargo.
- 5.4.- Menores que acudiran ás escola infantís de Lesa, Coirós ou Santa María de Ois.
- 5.5.- Resto das familias.

En canto aos ingresos da unidade familiar, a orde de prelación en cada grupo será a seguinte:

- 5.5.1. Non superiores a 4,5 veces o IPREM 2025.
- 5.5.2. Non superiores a 6,5 veces o IPREM 2025.
- 5.5.3. Resto de solicitudes que superen o 6,5 IPREM 2025

Dentro de cada grupo, estarase ao tempo de rexistro da solicitude cando estea completa.

Nota: Se a súa situación non cumpre cos requisitos establecidos anteriormente, ou considera que hai que ter en conta elementos diferentes no seu caso, debe expoñer o motivo en “observacións” na solicitude.

No caso de haber máis número de solicitudes que número de prazas elaborárase unha lista de agarda.

6. UNIDADES FAMILIARES

Considérase unidade familiar a nai, e pai da persoa beneficiaria, así como as irmáns e irmás que estean empadroados coa mesma.

No caso de proxenitores separados de feito ou dereito, ou divorciados, considérase unidade familiar o núcleo familiar onde a nena ou neno estea vivindo no período do Concilia.

7. SAÚDE

Calquera circunstancia de saúde que poida afectar e que deba ser tida en conta (alerxias, intolerancias, necesidade de apoio, afeccións de saúde,...) deberá sinalar na solicitude e achegar un informe médico/terapéutico sobre a diagnose e as actuacións que debe ter en conta as monitoras. De non achegar o informe, entenderase que non existen.

8. AUTORIZACIÓN PARA RECOLLER Á CATIVADA

Coa solicitude achegaranse os datos da persoa que está autorizada pola persoa que ostenta a garda nese momento para recoller á cativada no CONCILIA.

De non achegar estes datos, entenderase que soamente poderán recollelos a/s persoa/s que teñen a garda nese momento.

9. DIVERSIDADE FUNCIONAL

O Concello reserva unha praza para menores con discapacidade. É imprescindible que a discapacidade permita integrarse no grupo de traballo do CONCILIA. No caso de non seren cubertas, ampliarán o número de prazas xerais. Para optar a estas prazas, haberá que presentar o certificado de discapacidade superior ao 33%.

10. CUSTO

O precio público do mes de xullo é de 30 euros.

O prezo público do mes de agosto é de 30 euros.

O prezo público da semana de setembro é de 7 euros.

11. PUBLICACIÓN

As listaxes de persoas preadmitidas e aquelas outras que teñan que emendar a solicitude publicaranse na páxina web do Concello e no taboleiro do Centro Social, a través do DNI ou NIE (riscados determinados números) da persoa solicitante. Igualmente o listado de persoas admitidas.

O resto das comunicacións realizarase na páxina web do Concello.

12. NORMAS

A inscrición na actividade supón o compromiso de aceptación das mesmas.

12.1. Dereitos das persoas usuarias.

- a) Bo trato tanto por parte do persoal do servizo como do resto de persoas usuarias.
- b) A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- c) Favorecer a súa participación no programa.

12.2. Obrigas das persoas usuarias.

- a) Cumprir cos horarios establecidos no programa.
- b) Non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable.
- c) Entregar a documentación requirida.
- d) Para a recollida da cativada sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran autorizadas.
- e) Respetar as normas establecidas por as/os monitoras de cada aula así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolvan.
- f) Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e coas demais persoas usuarias. No caso de falta de respecto a outras persoas, comunicárase á persoa

solicitante por parte do monitorado a primeira vez. Se se repetise esta actuación, ou a primeira consistise nunha agresión, o monitorado fará un informe que trasladará ao persoal do CIM para que poida analizar coa familia posibles solucións, entre as que se atopa, o suspender durante unha semana ou varias a participación da/o menor no CONCILIA, e incluso a baixa do mesmo.

g) O incumprimento reiterado das normas establecidas suporá causa de baixa.

12.3. Renuncia da praza e devolución do importe: se unha vez obtida a praza e aboado o prezo non puidese asistir actividade por causa medica ou similar, só ten dereito á devolución da cota no caso de que comunique e xustifique a renuncia por escrito cun informe medico e solicite a devolución da cantidade aboada, antes do inicio da actividade.

13. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- a) Solitude.
- b) Fotocopia do DNI/NIE da/s persoa/s solicitante/s (persoa que ostente a garda ou patria potestade, segundo o caso).
- c) Certificado de empadramento conxunto da unidade familiar. No caso de familias empadroadas en Coirós, poden asinar para que se poida revisar de oficio.
- d) Anexo I: Declaración responsable da persoa solicitante e do outro membro da parella, xunto co encabezado da nómina do mes anterior .
- e) No caso de persoas autónomas ou réximes especiais de cotización, declaración responsable da persoa solicitante e do outro membro da parella, acompañado do último recibo de cotización.
- f) Declaración responsable de ingresos.
- g) No caso de ter algún tipo de alerxia, enfermidade ou afección de saúde, deberá achegar o informe do médico onde conste a diagnose e as actuación previas ou posteriores a ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.
- h) No caso de ser familia numerosa, a fotocopia do título de familia numerosa en vigor.
- i) No caso de familias monoparentais, o certificado do Rexistro de familias monoparentais da Xunta de Galicia.
- j) No caso de optar ás prazas reservadas para menores con discapacidade, a fotocopia do certificado de grao de discapacidade superior ao 33%.
- k) No caso de menores matriculados na escola de educación infantil de Coirós, documentación de matrícula ou similar que o acredite, ou declaración responsable
- l) Se houberse algunha restrición en caso de recollida, deberá acompañarse da sentenza ou auto que o xustifique.

- m) No caso de familias con especial vulnerabilidade, informe dos servizos sociais.
- n) Calquera outro documento que xustifique unha determinada situación.

14. ESPECIAL ATENCIÓN

14.1. É necesario cubrir todos os apartados da solicitude e achegar toda a documentación que se solicita.

14.2. Cando ambos proxenitores formen unha unidade familiar (casados, ou parella de feito rexistrada na Xunta de Galicia) deberán cubrir e asinar AMBOS a solicitude, para que se poida ter en conta o feito de que ambos traballan.

No caso de familias monoparentais (ben ao ser nai ou pai solteira/o, viúva/o, separada/o ou divorciada/o xudicialmente, ou que teñan convenio aprobado xudicialmente que determine que ten a custodia ou que lle corresponde o período estival no tempo do CONCILIA COIRÓS 2025 basta a sinatura desa persoa.

14.3. As solicitudes debidamente cubertas poderán remitirse preferentemente por Sede electrónica do Concello de Coirós, o entregarse no Rexistro municipal ou por calquera das canles establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común. (Nota: Desde calquera rexistro municipal de España, ou rexistro autonómico ou estatal pode ser remitido ao Concello de Coirós).

14.4. Cubrir con especial atención o apartado de autorizacións para recoller á/ao menor. De non facerse así, soamente poderá ser entregada á persoa solicitante (nai ou pai).

14.5. A persoa solicitante pode ser tanto a nai como o pai, e ambos os dous. Se soamente é cuberto por un proxenitor, soamente poderá ser recollido por esta persoa solicitante, no caso de non autorizar ao outro proxenitor.

14.6. As listaxes de persoas preadmitidas e aquelas outras que teñan que emendar a solicitude publicaranse na páxina web do Concello e no taboleiro do Centro social. O resto de listaxes necesarias ou comunicacións xerais faranse no taboleiro da sede electrónica do Concello.

14.7. Calquera dúbida poden chamar ó 981 796 088 (CIM), ou por Whatsapp ao 621 194 335 ou ben no correo axenteigualdade@coiros.es

15. PAGAMENTO

As cotas pagaranse unha vez aparecido o DNI/NIE na lista de persoas admitidas, na que xa figurará a cantidade a ingresar. Sempre con anterioridade ao inicio da actividade a través do ingreso na conta do Concello: IBAN: ES79 2080 0018 053110 000252 O xustificante de pago enviarase como último día o 20 de xuño, a través da Sede electrónica do Concello, ou no Rexistro municipal.

Nota: No caso de que alguén non pague en prazo, e a praza quede baleira, pasará a ocupar a praza a seguinte persoa que estea na lista de agarda e cumpra os requisitos e prioridades

PRAZOS

- A. Preinscricións: Do 13 de maio ao 19 de maio, Sede electrónica (preferentemente) ou a través do rexistro do Centro Social.
- B. Publicación da lista provisional e de emendas de solicitudes: 26 de maio.
- C. Prazo de emenda de solicitudes: Ata o 9 de xuño.
- D. Publicación da lista de persoas admitidas e da listaxe de agarda: 12 de xuño.
- E. Pagamento de taxas: Ata o 20 de xuño.
- F. Lista definitiva de persoas admitidas: 23 de xuño.